



OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 08 de novembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

19.- Aprobación, se procede, do expediente para contratar, mediante procedemento aberto, a subministración en lotes da renovación e mantemento de diversas licenzas de software do Concello de Ourense. (Expte. 2018020693)

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (8 votos a favor), acordou:

1º.- Aprobar o expediente para contratar, mediante procedemento aberto, a subministración en lotes da renovación e mantemento de diversas licenzas de software do Concello de Ourense, coa correspondente aprobación das cláusulas administrativas e técnicas, en réxime de tramitación anticipada de gasto, suxeito a condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 130.9202.21610 “mantenimiento de hardware y software general”.

A distribución estimada de anualidades é a seguinte:

| Anualidade | Importe sen IVE | IVE | Total |
|------------|-----------------|------------|-------------|
| 2019 | 35.576,94 € | 7.471,16 € | 43.048,10 € |
| 2020 | 35.576,94 € | 7.471,16 € | 43.048,10 € |

A aprobación definitiva do gasto acordarase pola Xunta de Goberno Local a proposta do servizo xestor, á vista da data de formalización do contrato e inicio das prestacións.

2º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria.

3º.- Nomear como responsable do contrato ao/a xefe/a de Servizo de Sistemas de Información, e como suplente ao/a xefe/a de Sección de Aplicacións e Sistemas.

Ourense, na data de sinatura electrónica.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Flora Moure Iglesias

